

**D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO
(A CORUÑA)**

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 15 de maio do dous mil vinte, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN:

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Continuación do procedemento de adxudicación de prazas do Diverteo

EXPEDIENTE: 2020/G003/000427

Considerando que, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, estado de alarma que, segundo o Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, atópase actualmente prorrogado ata as 00:00 horas do 24 de maio, nas mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, e nas disposicións que o modifican, aplican e desenvolven, sen prexuízo do establecido nos artigos 3 e ss do RD 514/2020.

Considerando que, conforme aos apartados 1 e 2 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos de todas as entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o estado de alarma declarado no Real Decreto 463/2020 ou as prórrogas do mesmo.

Considerando que, pese á citada regra xeral de suspensión, hai que ter en conta as excepcións á mesma recollidas nos apartados 3 e 4 da citada disposición adicional.

Considerando que, de acordo co apartado 4 da disposición adicional terceira (na redacción dada polo RD 465/2020, do 24 de marzo), dende a entrada en vigor do RD 463/2020, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a

continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Considerando que, segundo o artigo 6 do RD 463/2020, do 14 de marzo, referido á xestión ordinaria dos servizos, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas necesarias no marco das órdenes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5 do citado RD.

Visto o informe do concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, do 13 de maio de 2020, no que se pon de manifesto a necesidade de continuar co procedemento de adxudicación de prazas do programa de conciliación Diverteo para o período comprendido entre xuño e setembro.

Considerando que, segundo o Regulamento de funcionamento dos programas de conciliación do Concello de Teo (en adiante, Regulamento), os citados programas concréntanse no Diverteo e no Teo Madruga e teñen como obxectivo facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida laboral e o coidado de fillos e fillas menores, mediante unha alternativa de ocio.

Considerando que, tratándose do Diverteo, segundo o artigo 26 do Regulamento trátase dun programa de conciliación da vida laboral e familiar para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos:

- Dende o 1 de setembro até o inicio do curso escolar
- Durante as vacacións do nadal
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar até o 30 de xuño.
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo

Ademais dos citados, poderá ampliarse este servizo aos seguintes períodos:

- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Considerando que, como consecuencia da declaración do estado de alarma, polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, durante a semana santa non se prestou o servizo de conciliación a través do Diverteo.

Considerando que, no momento actual, estase á espera de concretar se se van a poder prestar os servizos de conciliación nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e, no seu caso, a forma de prestalos, á vista das medidas que se vaian adoptando no proceso gradual de desescalada e no marco de transición a unha nova normalidade, polo que todas as actuacións que se vaian realizando ao efecto quedarán en todo caso condicionadas ás esixencias do estado de alarma e da situación sanitaria xerada polo COVID-19.

Considerando que, sen prexuízo do exposto, o servizo de conciliación, a través do Diverteo, que, no seu caso, se chegue a prestar, precisa que se realice en cada caso o procedemento administrativo previo para a adxudicación de prazas, procedemento que comeza coa solicitude de inscrición nos prazos establecidos, para a continuación proceder á confirmación segundo a orde de inscrición, pago do prezo público e xustificación do mesmo perante o concello, e matrícula.

Considerando que o proceso de inscrición é imprescindible para a adxudicación das prazas do Diverteo, xa que todo o procedemento xira en torno ao número de solicitantes e a documentación presentada, resultando ademais que é o punto de partida para a configuración do listado provisional, reclamacións, listado definitivo, e por último a matrícula dos/as usuarios/as para cada unha das edicións do Diverteo.

Así mesmo, debe terse en conta que para facer planificación do persoal e horarios do Diverteo, nas súas diferentes edicións, resulta imprescindible coñecer as *ratios* de

usuarios/as en cada unha delas, dato este que so se coñece ao remate do proceso de matrícula.

Considerando que, segundo o artigo 30 do Regulamento, as convocatorias realizaranse con tempo suficiente para organizar eficientemente a actividade.

De acordo con todo o exposto resulta evidente que non resulta posible demorar máis a continuación do procedemento de adxudicación das prazas no Diverteo, porque iso impediría realizar en tempo en forma as actuacións necesarias para o comezo do mesmo, polo que dita continuación resulta indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos.

Considerando que concorren razóns de interese público que fan necesaria a difusión do contido do presente da forma máis ampla posible.

Considerando que, tal e como se desprende da normativa citada, a continuación dos procedementos require que o órgano competente o acorde motivadamente, o que se cumprimenta a través do presente.

Considerando que, con motivo da crise sanitaria motivada polo COVID-19, con data de 16 de marzo de 2020 ditouse Decreto da Alcaldía (res. 265/2020) en virtude do cal resolveuse o peche total da atención presencial nas oficinas centrais do Rexistro Xeral, limitándose a unha atención telefónica e telemática.

Considerando que, á vista das medidas que se veñen adoptando de cara á nova normalidade, está previsto que a apertura das oficinas centrais do Rexistro Xeral do Concello teña lugar, previsiblemente e unha vez que se adopten todas as medidas de seguridade necesarias para dar cumprimento ás esixencias derivadas da crise sanitaria e do estado de alarma, o vindeiro luns 18 de maio.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Continuar o procedemento para a adxudicación das prazas dos servizo de conciliación, a través do Diverteo, dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro.

Segundo.- O prazo de inscrición no Diverteo abarcará os períodos que se detallan a continuación, podendo presentarse as correspondente solicitudes no Rexistro Xeral do concello, dende o 18 de maio ata as datas que se recollen a continuación en función da edición do Diverteo de que se trate:

- .- Ata o 28 de maio (Diverteo de xuño: do 22 ao 30 de xuño)
- .- Dende o 18 de maio ata o 5 de xuño (Diverteos de xullo: do 1 ao 15 e do 16 ao 31)
- .- Dende o 18 de maio ata o 30 de xuño (Diverteos de agosto: do 1 ao 15 e do 16 ao 31)
- .- Dende o 18 de maio ata o 7 de agosto (Diverteo de setembro: do 1 ao comezo do curso escolar)

Terceiro.- Todas as actuacións realizadas no procedemento de adxudicación das prazas do Diverteo, quedarán en todo caso condicionadas a que o estado de alarma e a crise sanitaria e as normas que se vaian ditando ao efecto, permitan a súa celebración, sen que en ningún caso destas actuacións se derive ningún tipo de dereito adquirido para os posibles usuarios/as.

Cuarto.- A presente resolución surtirá efectos dende o día da súa data, sen prexuízo de facer público o contido da mesma, para xeral coñecemento, no BOP, no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, no portal de transparencia e na sede electrónica.

Quinto.- Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderanse interpor os recursos previstos no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo de que, de acordo co disposto nas disposicións adicionais segunda e terceira do RD

463/2020, de 14 de marzo, queda en suspenso o prazo para a interposición, no seu caso, do recurso contencioso administrativo.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e Praxe

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz